



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA



galicia

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CRTVG, S.A
E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O director xeral da CRTVG, Alfonso Sánchez Izquierdo, **DECLARA:**

Que a Corporación Radio e Televisión de Galicia ten previsto formalizar coa Universidade de Santiago de Compostela o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue catro anos, prorrogables, para realización de prácticas académicas curriculares ou extracurriculares do alumnado do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos, do Máster Universitario en Xestión e Dirección Laboral e do Máster Universitario en Psicoloxía do Traballo e as Organizacións, Psicoloxía Xurídica-forense e Intervención Social.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

-Establecer os mecanismos de colaboración entre a CRTVG e a USC para establecer un programa para a realización de **prácticas académicas externas do alumnado** nas instalacións da CRTVG así como para achegar as persoas expertas para aquela parte da docencia teórico-práctica especializada que fose precisa.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.



Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

- As prácticas poden ser de tres tipos: curriculares, conducentes á elaboración dos Traballos Fin de Grao ou Máster, e extracurriculares.
- Realizarase como mínimo unha convocatoria de prácticas en cada curso académico.
- Poderán participar nas prácticas o alumnado do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos, do Máster Universitario en Xestión e Dirección Laboral e do Máster Universitario en Psicoloxía do Traballo e as Organizacións, Psicoloxía Xurídico-Forense e Intervención Social.

Este acordo de colaboración non devenga de por si gastos adicionais xa que as partes asinantes asumen os que resultan das súas obrigas con fondos propios dentro da súa actividade habitual.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 10 de xullo de 2019.